

REGULACIÓN DE ACCESO E PARADA DE VEHÍCULOS A MOTOR EN ZONAS PEONÍS

RÚA ESPERANZA E REPÚBLICA ARXENTINA

Quen pode acceder á zona peonil? Quen pode parar polo tempo imprescindible (por norma non máis de 15 minutos)?

- Usuarios de garaxe (só acceso ao garaxe).
- Residentes sen garaxe (acceso e parada por tempo imprescindible para carga ou descarga de vultos).
- Persoas con mobilidade reducida que precisen acceder con vehículo até o seu destino (acceso e parada por tempo imprescindible).
- Comerciantes no horario de actividade (parada polo tempo imprescindible diante do negocio).
- Carga e descarga de mercadorías (parada polo tempo imprescindible diante do negocio)
- Mensaxería e reparto (parada polo tempo imprescindible diante do destino)
- Taxis en servizo (estacionamento en paradas)
- Excepcionalmente, previo aviso á Policía Local (092-986640050) por parte do comerciante ou persoa interesada, clientes cando o volume ou cantidade de mercadoría o xustifique obxectivamente (parada polo tempo imprescindible diante do negocio).
- Servizos públicos e de emerxencias (parada polo tempo necesario)

Deberán solicitar a tarxeta identificativa as persoas usuarias de garaxe, residentes sen garaxe, os e as comerciantes e as persoas non residentes que recollen ou deixan a persoas con mobilidade reducida, cubrindo o modelo dispoñíbel en <https://ponteareas.gal/tramites-e-impresos/mobilidade/>

Por onde se pode acceder e saír?

- Sábados de tarde, domingos e festivos (e co peche de Bugallal a diario): acceso por Braña, continuando por Fernández Vega, A Estrada e Morales Hidalgo (rodeando o Auditorio), de novo Fernández Vega e entrada por República Arxentina.
- Feiras e mercados provisionais: acceso por Baratillo, Esperanza e República Arxentina.
- Saída por Esperanza cara Ferreiros ou cara Bugallal; os días das feiras e mercados saída por República Arxentina e Fernández Vega cara Ferreiros.

En que condicións hai que circular:

- Dando prioridade aos peóns e cunha separación mínima de 1,5 mts.
- A 10 km/h

Para calquera aclaración ou incidencia non dubides en contactar coa Policía Local (092 – 986640050) ou Concellaría de Mobilidade e Tráfico (mobilidade@pontearreas.gal).